

CEIP DE TEIXEIRO

Estimadas familias:

O día 30 de outubro celebraremos o Magosto e Samaín no cole. Farémolo cunha pequena festiña e merenda propios destas datas. Ese día, as nenas e nenos poden vir disfrazados/AS, pero NON coa cara tapada nin totalmente pintada, xa que os/as máis pequenos e pequenas poden ter medo.

Para isto, precisamos da vosa colaboración no que poidades e/ou queirades.

- A PARTIR DO DÍA 21/10 PODEN TRAER CASTAÑAS ADENTADAS.
- O 28 e 29 terán que traer da casa un RECIPIENTE para as castañas do estilo do da imaxe.



EXPOSICIÓN DE CABAZAS, VASOIRAS E OUTROS ADORNOS TERRORÍFICOS.

Como os últimos anos, faremos no cole unha pequena exposición de cabazas, vasoiras e outros adornos que fagades familias e alumnado. As datas para traelo serán as seguintes:

- A partir do 24/10 poderán traer vasoiras e adornos.
- A partir do 28/10 poderán traer as cabazas (son menos días porque na fin de semana estráganse).
- É importante que veñan co nome do neno ou nena para poder levalo de volta á casa.